



ACTUALIZACIÓN DO PROGRAMA DO CURSO PONTE ENTRE O NIVEL BÁSICO E O NIVEL CUALIFICADO DE APLICADOR/MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS

Procedese á actualización do programa e requisitos mínimos a cumprir polas entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural en materia de formación Agroforestal que pretendan impartir o curso ponte entre o nivel básico e o cualificado de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios.

A partir da data desta actualización, o programa e requisitos a seguir son os especificados no Anexo I desta actualización.

Estes requisitos aparecen reflectidos na Instrución SFAF nº 1/2017, polo que se ve afectada a súa redacción nos seguintes puntos:

1.- Modifícase a táboa de número de horas presenciais que debe conter cada curso que aparece na páxina 3 da Instrución SFAF nº 1/2017, no epígrafe “ESTRUTURA DOS CURSOS NON PRESENCIAIS VÍA INTERNET”, quedando a táboa redactada da seguinte forma:

	Nº horas prácticas en aula	Nª horas prácticas de campo
Nivel básico	6 horas	3 horas
Nivel cualificado	10 horas	8 horas
Curso ponte entre o nivel básico e o cualificado	3 horas	5 horas

2.- Modifícanse os requisitos mínimos de materias, equipamento e titulacións dos docentes que se precisan para impartir o curso ponte entre o nivel básico e o cualificado de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios, que aparecen na táboa da páxina 10 da Instrución SFAF nº 1/2017, quedando redactados como figura no Anexo I desta actualización.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Ordenación Forestal
Asinado dixitalmente

Tomás Fernández–Couto Juanas





ANEXO I

PROGRAMA PARA IMPARTIR O CURSO PONTE DE FORMACIÓN ENTRE O NIVEL BÁSICO E O CUALIFICADO DE APLICADOR/MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS (35 horas lectivas mínimas): MATERIAS DE FORMACIÓN, TITULACIÓN DO PERSOAL DOCENTE CUALIFICADO E EQUIPAMENTO NECESARIO.

MATERIAS DE FORMACIÓN	HORAS				EQUIPAMENTO NECESARIO	TITULACIÓN PERSOAL DOCENTE
	TEORÍA	PRÁCTICAS		TOTAL		
		AULA	CAMPO			
1.-As pragas dos cultivos: clasificación, descrición e danos que producen.	4			4	Aula con equipo audiovisual	Titulación habilitante
2.-Métodos de control de pragas. Importancia dos métodos non químicos. Medios de protección fitosanitaria.	3			3	Aula con equipo audiovisual Material de vixilancia e seguimento de pragas.	Titulación habilitante
3.-Estratexias e técnicas para a xestión integrada de pragas. Control biolóxico e outras alternativas para o control de pragas en distintos cultivos. Principios xerais da xestión integrada de pragas. Toma de decisións en protección fitosanitaria e iniciación á avaliación comparativa. Prácticas de identificación de pragas e de organismos de control biolóxico e o seu manexo.	5	2		7	Aula con equipo audiovisual Material de vixilancia e seguimento de pragas.	Titulación habilitante
4.-Producción integrada e produción ecolóxica.	4			4	Aula con equipo audiovisual	Titulación habilitante
5.-Medidas para reducir os riscos sobre a saúde: niveis de exposición do operario. Posibles riscos derivados de realizar misturas de produtos. Medidas preventivas e de protección do aplicador. Equipos de protección individual.	0:30			0:30	Aula con equipo audiovisual	Rama sanitaria ou rama prevención de riscos laborais.
6.-Tratamentos fitosanitarios. Preparación, mistura e aplicación.	1			1	Aula con equipo audiovisual	Titulación habilitante
7.-Equipos de aplicación: descrición e funcionamento.	1			1	Aula con equipo audiovisual. Información técnica de boquillas.	Titulación habilitante ou directores ou inspectores de ITEAF
8.-Limpeza, regulación e calibración dos equipos.	1			1	Aula con equipo audiovisual. Información técnica de boquillas.	Titulación habilitante ou directores ou inspectores de ITEAF
9.-Mantemento, revisións e inspeccións periódicas de los equipos.	2			2	Aula con equipo audiovisual	Titulación habilitante ou directores ou inspectores de ITEAF
10.-Prácticas de revisión e calibración de equipos. Riscos relacionados co uso de equipos de aplicación de produtos fitosanitarios.			4	4	Maquinaria e equipos de tratamento. Información técnica de boquillas. Equipos de regulación.	Titulación habilitante ou directores ou inspectores de ITEAF
11.-Prácticas de aplicación de tratamentos fitosanitarios.			1	1	Maquinaria e equipos de tratamento. Información técnica de boquillas. Equipos de regulación.	Titulación habilitante
12.-Eliminación de envases baleiros. Sistemas de xestión. Normativa.	1			1	Aula con equipo audiovisual	Titulación habilitante
13.-Trazabilidade. Requisitos en materia de hixiene dos alimentos e dos pensos. Rexistro de pragas e de tratamentos nas explotacións agrarias. O caderno de explotación.	1	1		2	Aula con equipo audiovisual. Cobertura do caderno de explotación.	Titulación habilitante
14.-Relación traballo-saúde normativa sobre prevención de riscos laborais.	0:30			0:30	Aula con equipo audiovisual	Rama sanitaria ou rama prevención de riscos laborais.
15.-Seguridade social agraria.	1			1	Aula con equipo audiovisual	Titulación habilitante
16.-Normativa que afecta á utilización de PF. Compra, transporte e almacenamento. Autorización e rexistro de produtos fitosanitarios e medida en que afecta á utilización dos mesmos.	2			2	Aula con equipo audiovisual	Titulación habilitante
HORAS TOTAIS	27	3	5	35		

